

# Agustín Fernández Paz

## *A viaxe de Gagarin*



 XERAIIS  
narrativa

Deseño de capa: Miguel Vigo

1ª edición: maio 2014

© Agustín Fernández Paz, 2014  
© Edicións Xerais de Galicia, S. A., 2014  
Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo  
xerais@xerais.es  
<http://www.xerais.es>  
<http://blog.xerais.es>

ISBN: 978-84-9914-668-3  
Depósito legal: VG 190-2014

*Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.*

Agustín Fernández Paz  
*A viaxe de Gagarin*



## Inicio

Que lentas transcorren as horas no hospital! Non consigo afacerme a esta luz fría, a este olor que impregna a totalidade dos obxectos, a este aire saturado de dores anónimas, a este silencio estraño que vai colonizando corredores e cuartos conforme a noite avanza. Mamá dorme, allea a todo, tamén á miña presenza. Ás veces murmura algunhas palabras que non dou entendido, por máis que achegue o oído á súa boca. Que pode soñar unha persoa co cerebro deteriorado coma o dela? Que retallos de vida lle andarán pola cabeza nos seus soños?

Nalgún lugar lin que, cando os nosos pais desaparecen, comezamos a botar de menos non ter conversado máis con eles. Abandónannos, e coa súa ausencia esvaécese a historia dos anos que viviron, as alegrías do tempo en que eran novos e o azar os reuniu, os momentos en que experimentaron o doce desvarío do amor, a etapa que compartiron antes de nós nacer... Alcánzaos a fin dos tempos, bórrase o seu mundo. Un mundo que tamén foi o meu, pois vivín ao seu carón a infancia e a adolescencia, uns anos decisivos para calquera.

Dese tempo só me quedan unhas poucas fotos e unha presada de lembranzas, as miñas e as que eles me puideron transmitir mentres vivimos xuntos. Mais daquela eu era moi novo e as miñas inquietudes ían noutra dirección. O que desexaba era vivir os meus días, ir o máis lonxe que puidese e logo ver que me sucedía ao chegar alí. Papá e mamá sempre estarían ao meu dispor, xa habería tempo de escoitalos.

Estaba equivocado, como nos ocorre tantas veces mentres somos novos. Con papá negouseme ese tempo, a súa morte prematura desbaratou os propósitos de falarmos en profundidade. Calado como era, só en contadas ocasións lle escoitei narrar retallos da súa vida dos que agora me gustaría saber máis. Como a derradeira vez que vira os seus pais no porto de Santurce, desde o barco que o levaba a La Rochelle, xunto coa súa irmá Tina e os outros nenos embarcados para os afastar da guerra. Ou cando regresou, reclamado pola súa avoa materna, que se chamaba Federica e vivía en Bilbao; unha fanática relixiosa coa casa chea de imaxes de santos que lle amargou a mocidade co recordatorio constante de que era fillo de roxos, coma se ese fose un pecado orixinal que nunca conseguiría borrar. «Penso que me acolleu porque se sentiu obrigada. A avoa non me quería, ou non me quería como eu era. E non perdoaba que Tina quedase aló», lembraba papá. Ou cando aos catorce anos entrou a traballar de aprendiz en Gráficas Rekalde, o lugar onde aprendeu o oficio de tipógrafo.

Outras historias da súa vida xa non as souben de primeira man, foi mamá quen mas contou. E algunhas máis, referidas á súa actividade clandestina e ao seu decidido compromiso político, funas sabendo por Euclides, que conservou ben a cabeza ata a súa morte. Por el coñecín o papel que ambos desempeñaban no Partido, e os moitos lazos de ami-

zade que os unían, e tamén as penurias que pasaron durante os anos en que se viron na necesidade de fuxir da casa e permaneceren ocultos.

Despois de morrer papá, mamá quedou a vivir soa no piso que compartiran os últimos anos. Canto me arrepinto agora de non ter falado máis con ela, cantos días desperdiçados en angueiras que me parecían decisivas e eran só borralla efémera. Entregado ao traballo, mesmo había semanas en que non a ía visitar, malia vivirmos na mesma cidade. Nunca nada me dixo, nunca se queixou. Para ela, eu era sempre o seu Miguel, o fillo tan querido. E agora, cando esta inesperada xubilación me liberou das urxencias da oficina, cando por fin podería dispor de tempo para acompañala, para rememorar os xuntos aqueles anos de vida familiar, o seu corpo négase a seguir, coma se xa se fartase de agardar por min. De non darme vergonza, choraría a cada hora.

Algunhas tardes, cando mamá permanece durante horas cos ollos abertos e perdidos nalgún punto da parede, achégome a ela e fálolle en voz baixa, coma se me puidese comprender. Pídolle perdón polos anos en que vivín tan afastado, polo tempo en que deixei que se bandease soa na selva dos días. Ela mira os meus ollos e atende as frases que lle digo, mais o seu rostro permanece tan inexpresivo coma se lle falase en islandés. Só ás veces me obsequia cun sorriso, se cadra porque percibe a tenrura que envolve as miñas palabras, aínda que non comprenda o significado. Ou talvez no seu cerebro se produzan chispazos fugaces que lle permitan recoñecerme; quero crelo, malia saber que non é posible, se hei facer caso das palabras do doutor Arteaga.

Cada vez está máis lonxe, cada día abandona a vida un pouco máis. Que final tan cruel! Debe de ser amargo com-

probar que a memoria vai fuxindo de ti, que as lembranzas se esvaecen como fíos de néboa, e que mesmo custa recoñecer a propia imaxe reflectida nos espellos... Desacóugame a idea de que me poida ocorrer algo semellante. Dentro de dez meses farei sesenta anos, e mamá xa non estará comigo. Véñenme á memoria unhas palabras pronunciadas por Álvaro Cunqueiro no pasamento dun amigo da súa xeración: «A morte vén gadañando cada vez máis preto.» Ela non ten présa, sabe que nos ha sorprender en calquera reviravolta do camiño, mentres nós facemos plans de futuro coa estúpida crenza de que somos inmortais.

É sorprendente como un suceso mínimo nos pode remover por dentro coa violencia dun terremoto. Des que a lin no xornal, mentres almorzaba na cafetaría, a noticia de que esta noite os científicos de todo o mundo celebran «A noite de Iuri» non se me vai da cabeza. As lembranzas baten no meu interior coma unha grea de bestas loitando por abandonar o curro e galopar ceibes por brañas e valgadas. «A noite de Iuri!» Hoxe é o 12 de abril de 2011, non sei como puiden esquecer a data. Hai cincuenta anos que Iuri Gagarin realizou a súa histórica viaxe, converténdose no primeiro ser humano que saía ao espazo exterior e orbitaba arredor da Terra.

Mentres Gagarin recibía en Rusia todos os honores, a sete mil quilómetros de distancia o neno que eu era vivía aquela noticia co meirande abraio e entusiasmo, sen saber que o cosmonauta ruso había influír de xeito poderoso na miña vida posterior. Cantos anos de lembranzas, cantos feitos que algún día se perderán comigo! Que pensará o meu fillo cando eu me vaia? Lamentará tamén as conversas inacabadas, os silencios do seu pai? Non será Begoña quen lle



poida desvelar moito máis, pois hai feitos da miña vida que nunca lle contei, nin a ela nin a ninguén.

Non me refiro a segredos que teña interese en ocultar. Refírome á cadea de sucesos que cría esquecidos, mais que agora emerxen das zonas profundas da memoria e furan para saíren á superficie cunha enerxía que me desconcerta. Poderían morrer canda min, xaora, como lles ha suceder a outros episodios escuros da miña vida. Mais prodúceme dor pensalo, porque foron os máis luminosos de todos os meus anos. Coma tal, os meses felices en que me namorei por vez primeira, cunha intensidade que nunca máis coñecín.

Por que non contalo? Non han ser moitas as noites que me queden de velar a mamá, o doutor asegura que non tardará en deixarnos. Mentres a súa memoria desaparece sen remedio, eu podo esforzarme en recuperar a miña. Revivir o tempo en que tamén eu fun Gagarin, traer á memoria os anos en que descubrín o mundo e experimentei os sentimentos máis intensos. Se cadra, é o único valioso que lle podo deixar en herdo ao meu fillo. Paga a pena intentalo.



# 1

Foi no verán en que o home pisou a Lúa por vez primeira. Daquela eu tiña dezasete anos e, malia a conmoción familiar provocada pola ausencia do meu pai, o meu estado de ánimo abalaba entre o entusiasmo e a desesperanza, nunha especie de montaña rusa pola que subía ou baixaba ao compás da miña relación con Francesca. Foi o verán do amor máis intenso, e tamén o do meirande desacougo, un desacougo forzado por uns acontecementos que eu nada podía facer por controlar.

Digo que foi no verán en que Neil Armstrong puxo o pé na Lúa, mais, se quero contala con xeito, debo rectificar e dicir que a miña historia comeza na primavera de 1961, algúns días despois de que o cosmonauta Iuri Gagarin realizase, a bordo da nave *Vostok 1*, un voo de 108 minutos de duración arredor do noso planeta, converténdose así no primeiro ser humano que puido ver a Terra desde o espazo e marabillarse de todo canto os seus ollos contemplaban.

Iso sucedeu o 12 de abril de 1961, cando eu tiña nove anos acabados de facer. Daquela asistía ás Escolas Graduadas que había no meu barrio, nun edificio vello e triste, de teitos

altísimos, con escaleiras e piso de madeira. O edificio contaba con dúas portas; pola da dereita entrabamos os nenos e pola da esquerda, as nenas. Naquel tempo, esa separación parecía-nos o máis natural; non nos cabía na cabeza a posibilidade de estarmos xuntos nas aulas, nin utilizar os mesmos servizos, que na nosa parte se encontraban tan cotrosos que daba noxo ir a eles. Mesmo o patio do recreo estaba dividido por unha sebe de mirtos de desigual altura que facía de fronteira, tamén para as miradas. Había veces en que nos viamos na obriga de traspasala, sempre co permiso dalgún dos mestres, sobre todo cando a pelota coa que xogabamos marchaba fóra do noso espazo e aterraba no eido máis tranquilo das nenas.

Daquela os alumnos non estabamos agrupados por idades, iso non sucedeu ata ben anos despois, senón polo grao de coñecementos. Aquel curso, ao volvermos das vacacións de Nadal, ao Fernando do Panadeiro e mais a min subíronnos para a aula dos máis adiantados, que era a de don Mauro, o mestre que se ocupaba dos que xa lían e escribían ben e se manexaban sen problema coas catro regras, mesmo se se trataba de operacións con números decimais.

Fernando e mais eu eramos os benxamíns da clase. Ningún dos dous fixeramos aínda os dez anos e naquela aula tiñamos que convivir con nenos que nos levaban dous ou tres anos, cando non catro, algúns xa coa peluxe que anunciaba o futuro bigote e mesmo con pelos mestos medrándolles polas pernas. Rapaces que nos sacaban unha ou dúas cuartas, que nos poderían esmagar sen dificultade de querer facelo, e que, pola contra, tiñan connosco un trato especial, coma se fóssemos dúas fráxiles mascotas ás que había que coidar.

O caso foi que tres ou catro días despois da proeza de Iuri Gagarin, don Mauro explicounos, cun debuxo no encerado

feito con xices de cores, que só empregaba en casos moi especiais, como fora o lanzamento da nave *Vostok 1* e mais a traxectoria que seguira ao redor do planeta, así como a manobra de aterraxe. Eu xa sabía todo iso, por escoitalo antes na casa e porque mirara a noticia nos xornais que mamá vendía na librería. Aínda así, participei do entusiasmo colectivo que se estendeu por toda a aula, cos alumnos contaxiados polas palabras admirativas do mestre.

Unha semana despois, cando nos xornais aínda continuaban as noticias e comentarios sobre «Un home no espazo cósmico», como titulara a toda páxina o periódico máis popular da cidade, don Mauro anunciounos con voz alegre que se organizara un concurso de redacción no que poderían participar os nenos e as nenas –separados, xa ora– das Escolas Graduadas que había na cidade. Gañaría quen contase mellor aquela histórica aventura espacial que ocupara as portadas da prensa de todo o mundo. E habería premios para os vencedores: un diploma acreditativo, que don Mauro se encargaría de rotular con aquela caligrafía que era famosa nos ámbitos da docencia, e lotes de libros para os tres primeiros, o principal por valor de trescentas pesetas.

Cando cheguei á casa e llelo contei aos meus pais, non me foi nada difícil contaxiarlles o meu entusiasmo. Os dous apresuráronse a ofrecerme a súa axuda, se ben insistiron en que a redacción debería facela eu só. Aquela mesma noite estivemos os tres na cociña ata que deu a hora de ir para a cama, falando de canto sabíamos sobre Gagarin. De algo tiña que servir ter na librería os xornais á miña disposición; mamá gardara un exemplar dalgúns deles, e dese xeito puiden ler e reler o que poñían.

E así foi como durante varios días, fóra do tempo de escola e das horas de durmir, na miña vida non existiu máis ansia que a redacción para o concurso. Os textos dos xornais eran moi semellantes, notábase que todos copiaban da información que lles mandaban as axencias. Por sorte, contei coa axuda do meu pai, e tamén de Euclides, que me proporcionaron datos novos que non viñan en ningún periódico. Coma tal, as palabras que o cosmonauta pronunciou durante o voo: «Habitantes do mundo: salvagardemos esta beleza, non a destruamos.»

—Escoiteino pola radio —contestoume papá, cando lle preguntei por que sabía tantos detalles sobre o voo de Gagarin—. E do que poñen os xornais, non lle fagas caso a todo. Xa non saben que inventar para desprestixiar a Unión Soviética.

Lembro que mamá lle fixo un aceno fugaz, que eu daquela non entendín, pois aínda tardei algúns anos en encaixar as pezas que explicaban por que a miña non era unha familia coma a dos outros nenos. Mais non me quero desviar, sobre esa historia hei volver máis adiante.

Escribín o texto a lapis, no meu caderno, e, ademais de todo canto aprendera, engadíñ algúns detalles que nada tiñan que ver con Gagarin senón cos *tebeos* da colección El Mundo Futuro, que debuxaba o gran Boixcar. Mamá revisoume a redacción e corrixiume algunhas faltas. Despois paseino a bolígrafo, en follas dun papel especial que papá me cortou á medida. Usei unha guía por debaixo para non facer as liñas tortas e peguei algunhas fotos de Gagarin que recortara dos xornais. A maiores, fixen dous debuxos medio copiados das viñetas de Boixcar e pinteinos cos lapis de cores Alpino que me regalaran polos Reis.

Entregueille o traballo a don Mauro o día antes de rematar o prazo. Desde o meu pupitre, vin como o mestre o examinaba con atención na súa mesa, sorrindo de cando en vez, mais non me dixo nin media palabra. E logo pasaron máis de dúas semanas, e foi mingando a miña expectación polo concurso. Ata que un martes, despois de entrarmos na aula e rezar as oracións de cada mañá, don Mauro, cun sorriso de orela a orela, anunciou que debíamos estar moi orgullosos porque un alumno da nosa clase gañara o concurso literario. A mellor redacción da cidade saíra da nosa aula!

Escuso dicir como me empezou a latexar incontrolado o corazón, ao tempo que o sangue todo me subía á cara e me facía arrubiar coma se me pillasen na falcatruada maior. Entón don Mauro mirou para min, dixo o meu nome en voz alta e mandoume saír para diante de todo, mentres a clase enteira aplaudía con tanto entusiasmo como cando se marcaba un gol no campo de fútbol.

Alí, sobre a súa mesa, estaba a miña redacción. O mestre anuncioume que o sábado pola mañá habería un acto nun salón do Concello e que era case seguro que me mandarían ler un anaco do texto en voz alta. De maneira que, para practicar, era mellor que antes lles lese o traballo aos meus compañeiros. E así, durante ben de tempo, fun lendo as fazañas daquel Iuri Alekséievich Gagarin, que con só vinte e sete anos se convertera en heroe da URSS e en ídolo da humanidade.

Aquela lectura tivo consecuencias duradeiras. No recreo, algúns dos compañeiros empezaron a me chamar Gagarin e non deixaron de facelo durante todo o partido de fútbol que xogamos aquel día. O que eu non podía sospeitar era que, co paso das semanas, o meu nome verdadeiro iría esvaecéndose

e chegou o momento en que toda a aula, e logo a escola enteira, e tamén os do meu barrio, deron en chamarme Gagarin. E ese foi o meu nome de portas para fóra ata que, xa con dezaoito anos, abandonei a cidade e iniciei unha etapa nova na miña vida.